



Sección Sindical PSA Peugeot-Citroën

# O VALOR DUN VOTO

Vigo, 21 de Outubro de 2010

Hai catro anos todos os programas sindicais ofreciamos ós traballadores/as un compromiso de mellorar as condicións de vida e traballo. A realidade, catro anos despois, revélanos que nunca en tan curto espazo de tempo, os traballadores/as de Citroën perderamos tantos dereitos sociais.

Desa perda de posicións non podemos responsabilizar exclusivamente á Dirección. Todo o cadro directivo de calquera empresa ten entre os seus cometidos quitar a máxima rendibilidade da súa plantilla. No outro lado da mesa, a Lei faculta ós Representantes Sindicais a cumprir co seu deber de defender os intereses dos seus representados. O resultado de calquera negociación entre as partes, será sempre, en gran medida, consecuencia da vontade manifestada polos traballadores/as nas Eleccións Sindicais.

Poñamos un exemplo real:

*No ano 2003 a Dirección plantexou ó Comité de Empresa quitar os 10 minutos de descanso nas liñas de Montaxe. Os Sindicatos de clase, (uns máis que outros), defendemos manter este dereito. Despois de 8 meses de loita, Montaxe perdeu os 10 minutos ó asignar a maioría do Comité de Empresa. Uns dos resultados positivos desa loita, foron 290 € e 3 días de disfrute individual.*

*Ano 2007. a Dirección propón quitar 13 minutos, neste caso do tempo de fatiga que temos os traballadores/as. De todos os Sindicatos só a C.I.G. se amosou contraria a este recorte, que representaría un incremento da velocidade das cadeas. Como recordaremos, na nosa demanda o Xuíz tivo en conta, que unha ampla maioría do Comité validara dito acordo. Neste caso, nin sequera se negociou. Collérono GRATIS.*

O día 29, de novo estaremos ante a urna para depositar o noso voto secreto, un voto que para alguén poderá ter o valor de 4 rodas..., un escalón na categoría..., unha promesa..., ou simplemente que nos deixen tranquilos. Pero como puidemos comprobar nestes catro anos, detrás dunha simple papeleta, estará en xogo o próximo Convenio Colectivo 2012, que marcará as futuras condicións de traballo, ou a decisión sobre calquera novidade que a Dirección nos propoña en materia de flexibilidade.

Necesitamos un Comité comprometido na defensa dos intereses dos traballadores/as cunha **Acción Sindical de constancia, participación e dentro dunha coherencia responsable.**

Compañeiros/as aínda que os votos entren na urna de canto, o final sempre caen cara un lado, na nosa man está, que sexa do lado dos que nos defenden.

## Confederación Intersindical Galega